

ACTA**Expediente nº:**

JGL/2020/8

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**Tipo Convocatoria**

Ordinaria

Data

1 de outubro de 2020

Duración

Dende as 11:30 ata as 11:45 horas

Lugar

Sala de Reunións

Presidida por

Manuel Cuiña Fernández

Secretario

María Fernanda Montero Parapar

Interventor

Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN**DNI****Nombre y Apellidos****Asiste**

77404245E

Angela Troitiño Gil

Sí

76801683Z

Antonio Ferro Losada

Sí

35251841V

Jesus Taboada Lazara

Sí

76816828W

Mónica González Conde

Sí

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión do 24 de setembro de 2020****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidad/Asentimiento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 24 de

Concello de Silleda

setembro de 2020..

Expediente 1103/2020. Contrataciones

Favorable

Tipo de votación: Unanimidad/Asentimiento

En virtude das facultades que me confire Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, delegadas na Xunta de Goberno Local.

Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras consistentes da actuación denominada **APARCADOIRO NO POLIGONO EMPRESARIAL AREA 33**, necesidade xa xustificada no expediente de solicitude de subvención ao efecto.

Visto que este Concello non conta con medios materiais nin persoais para acometer esta obra.

Visto o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 23 de xullo de 2020, ascendendo o orzamento de execución por contrata a cantidade de 106.094,96 € (IVE engadido), correspondendo ao importe neto a cantidade de 87.681,78 €, e ao IVE aplicable a cantidade de 18.413,17 €. Nomeado Director desta obra e coordinador en materia de seguridade e saúde ao técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil.

Visto que esta obra atópase financiada pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Consellería de Emprego, Economía e Industria, por medio de resolución da Xefa do Servizo de Administración Industrial, de data 07 de xullo de 2020.

Visto o prego de cláusulas administrativas. Visto o informe xurídico de data 30 de xullo de 2020.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación nº 052/2020, de 31 de xullo.

Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto e acordada a apertura da licitación por acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2020.

Presentan ofertas no prazo habilitado ao efecto as seguintes empresas:

- Núm. de rexistro de entrada: 2.889. Empresa: VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.890. Empresa: CONTRATAS PÉREZ 2018, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.898 Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.903 Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.

Admitidas todas as ofertas presentadas pola Mesa de Contratación en sesión de data 20/08/2020, procédese á apertura do sobre B que contén a memoria técnica obxecto de



valoración subxectiva, emitido informe do técnico municipal, e aceptado pola Mesa de Contratación en sesión de data 03/09/2020 as puntuacións obtidas polas empresas son as que seguen:

1º	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L	39,37
2º	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	35,45
3º	VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S.L.	26,50
4º	CONTRATAS PEREZ 2018, S.L.	7,70

En canto á valoración dos criterios automáticos a Mesa de Contratación en sesión de data 04/09/2020, outorga o seguinte resultado:

1.- Proposición económica (importes sen I.V.E.)

- Empresa: VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S. L.:

Orzamento: 83.031,34.- €

Puntuación: 5,30

- Empresa: CONTRATAS PÉREZ 2018, S. L.:

Orzamento: 83.900,00.- €

Puntuación: 4,31

- Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.:

Orzamento: 82.710,22.- €

Puntuación: 5,67

- Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.:

Orzamento: 87.681,78.- €

Puntuación: 0

2.-Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática.

- Empresa: VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S. L.

Oferta todas a melloras. Prazo garantía: 6 anos.

Puntuación: 40

- Empresa: CONTRATAS PÉREZ 2018, S. L.:

Oferta todas as melloras. Prazo de garantía: 6 anos.

Puntuación: 40

- Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.:

Oferta todas as melloras. Prazo de garantía: 6 anos.

Puntuación: 40

- Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.:



Non oferta melloras.

Puntuación: 0

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- Empresa: VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S. L.:

Documentación dependente dun xuízo de valor (sobre B)

26,50 puntos

Proposición económica

5,30 puntos

Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática

40,00 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL 71,80 puntos

- Empresa: CONTRATAS PÉREZ 2018, S. L.:

Documentación dependente dun xuízo de valor (sobre B)

7,70 puntos

Proposición económica

4,31 puntos

Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática

40,00 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL 52,01 puntos

- Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.:

Documentación dependente dun xuízo de valor (sobre B)

39,37 puntos

Proposición económica

5,67 puntos

Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática

40,00 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL 85,04 puntos

- Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.:

Documentación dependente dun xuízo de valor (sobre B)

35,45 puntos

Proposición económica

0,00 puntos

Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática

0,00 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL 35,45 puntos

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa, de conformidade co disposto no artigo 157 da LCSP, propuxo ao Órgano de Contratación como adxudicataria da obra "APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33" á Empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.**

Tras aceptar a proposta a Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2020, realizouse o



requirimento de documentación en cumprimento do disposto no artigo 150 LCSP, presentada a mesma foi informada de conformidade polo Interventor Municipal en data 28/09/2020.

Consta no expediente Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa proposta para a adxudicación, e informe do director da obra favorable ao mesmo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L., con CIF B 36052876 o contrato de obras denominado “**APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33**” por importe de 82.710,22 euros mais 17.369,15 euros de IVE, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes desta Resolución. Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas ao aumento do prazo de garantía, pintado do paso de peóns, sinal vertical aparcamento, varanda formada por un pasamáns ergonómico.

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 100.079,37 euros con cargo á aplicación 151-619 do Orzamento municipal para o exercicio de 2020.

Terceiro.- Notificar a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días hábiles.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo máximo de execución desta obra será o establecido na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares a contar dende o día da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Sexto.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación. En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.



Sétimo.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluíra o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

Oitavo.- Dado que a obra está financiada pola Deputación de Pontevedra, o adxudicatario comprométese a colocación do cartel de conformidade co establecido na ORDE do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519B).

Noveno.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra, co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

